



Tel.: 981 40 40 06
Fax: 981 40 42 00

C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN
DO CONCELLO DE MOECHE O DIA 15/ DE OUTUBRO DE 2015**

No Salón de Sesions da Casa do Concello de Moeche, sendo as 20,00 horas do día 15 de outubro de 2015, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa Dª. Beatriz Bascos Maceiras, reunense os Srs./as Concelleiros/as que se citan:

- D. Magín Fernando Lago Tuimil
- Dª Iria Couce Rego
- D. Jose Manuel Soto Sanchez
- D. Juan Carlos Rodriguez Lago
- D. Jorge Gonzalez Aneiros
- D. Aquilino Sueiras Dopico
- D. Rocio Luaces Antón.

Non asisten sen presentar escusa:

- D. Xulio Cribreiro Garcia

Asistidos da Secretaria da Corporación D. Consolación Couce Calvo, co obxecto de celebrar sesión ordinaria para a que foron previamente citados, constando en Secretaría o recibí de citación á sesión por parte de tódolos membros que o compoñen.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do pleno, pola Sra. Alcaldesa declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos, conforme á orde do día que figura na convocatoria de citación á sesión

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES.-
ORDINARIA DE 20-08-2015 E EXTRAORDINARIA DE 01-10-2015**

O Pleno da Corporación, por unanimidade, presta a sua aprobacion as seguintes actas:

- Acta da sesión do pleno ordinario de 20-08-2015
- Acta da sesión do pleno extraordinario de 01-10-2015

2.- DACION DE CONTAS DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Rgto. de O.F. e R.X das Entidades Locais dáse conta o Pleno da Corporación das Resolucóns adoptadas pola Alcaldía no período comprendido entre o 18 de agosto e o 8 de outubro de 2015, é que son as seguintes



Nº	DATA	DESCRIPCIÓN
95	18-08-2015	Recoñecemento de trienio a funcionaria
96	18-08-2015	Autorización da celebración dun espectáculo pirotécnico no Festival Irmandiño
97	19-08-2015	Autoización celebración do Festival Irmandiño
98	21-08-2015	Abastención da alcaldía en procedemento administrativo
99	28-08-2015	Autorización uso do local social de Abade
100	16-09-2015	Inclusión no servizo de axuda no fogar
101	16-09-2015	Autorización uso do local social de Abade
102	17-09-2015	Autorización uso do local social de Pereiro
103	18-09-2015	Autorización expediente de modificación de crédito
104	21-09-2015	Autrizacion de asistencia de duas funcionarias do concello a unha xornada sobre funcionamento novos aplicativos informaticos
105	22-09-2015	Autorización festas en Abade
106	22-09-2015	Autrización celebración espectáculo pirotécnico
107	30-09-2015	Inclusión no servizo de axuda no fogar
108	01-10-2015	Determinación do peso máximo autorizado dos vehículos que circulen pola pista de Penasalbas
109	02-10-2015	Autorización uso pavillon municipal
110	07-10-2015	Inclusión no servizo de axuda no fogar

A Corporación queda enterada

3.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DA FEIRA DO CABALO

Sometese a consideración da Corporación a proposta que se transcribe de seguido:

De acordo co previsto no artigo 93.1 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Administración da Xunta de Galicia poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico

A declaración efectuarase en función do cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Antigüidade: as manifestacións ou acontecementos de carácter festivo a que se refiran as peticións deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de vinte anos
- b) Singularidade: as festas de que se trate deberán conter aspectos orixinais e de calidade que as singularicen respecto a outras similares que poidan ter lugar noutras localidades.
- c) Arraigamento: elementos esenciais da celebración serán o arraigamento popular no ámbito territorial correspondente e o carácter participativo da poboación local.
- d) A realización polas entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas.
- e) Valor cultural: as celebracións dos eventos de que se trate xirarán, en todo caso, arredor das manifestacións de interese e carácter cultural como son, entre outras, as artísticas, relixiosas, deportivas ou gastronómicas.





Tel.: 981 40 40 06
Fax: 981 40 42 00

C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

f) Continuidade no tempo. Entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de catro anos, a non ser que sexa una festa cunha cadencia fixa que supere este prazo. En calquera caso, na solicitude deberá constar a periodicidade da celebración.

Neste Concello vense celebrando dende tempo inmemorial a denominada “**Feira do Cabalo**” o día 23 de abril de cada ano, festa que entendemos que reúne os requisitos esixidos para ser declarada “Festa de interese turístico”, en consecuencia, e de acordo co establecido no establecido nos artigos 9 e seguintes do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, pola presente proponse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo

PRIMEIRO.- Solicitar do Consello da Xunta de Galicia a declaración de Festa de interese turístico de Galicia a **Feira do Cabalo** que se celebra o día 23 de abril neste concello de Moeche (A Coruña)

SEGUNDO.- Remitir o presente acordo xunto coa documentación requirida no Decreto 4/2015 do 8 de xaneiro polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, polos medios electrónicos dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Aberto o debate a **Sra. Luaces Antón** manifesta que seria desexable que houbera un representante do Concello na entidades que organizan tanto a Feira do Cabalo como o Festival Irmandiño

Sometida a votación a proposta presentada resultou aprobada por unanimidade dos asistentes

4.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURISTICO DO FESTIVAL IRMANDIÑO

Sometese a consideración da Corporación a seguinte proposta:

De acordo co previsto no artigo 93.1 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Administración da Xunta de Galicia poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico

A declaración efectuarase en función do cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Antigüidade: as manifestacións ou acontecementos de carácter festivo a que se refiran as peticionais deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de vinte anos
- b) Singularidade: as festas de que se trate deberán conter aspectos orixinais e de calidade que as singularicen respecto a outras similares que poidan ter lugar noutras localidades.
- c) Arraigamento: elementos esenciais da celebración serán o arraigamento popular no ámbito territorial correspondente e o carácter participativo da poboación local.
- d) A realización polas entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas.



- e) Valor cultural: as celebracións dos eventos de que se trate xirarán, en todo caso, arredor das manifestacións de interese e carácter cultural como son, entre outras, as artísticas, relixiosas, deportivas ou gastronómicas.
- f) Continuidade no tempo. Entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de catro anos, a non ser que sexa una festa cunha cadencia fixa que supere este prazo. En calquera caso, na solicitude deberá constar a periodicidade da celebración.

Neste Concello vense celebrando dende hai 36 anos o denominado “**Festival Irmandiño**” ano, festa que entendemos que reúne os requisitos esixidos para ser declarada “Festa de interese turístico”, en consecuencia, e de acordo co establecido no establecido nos artigos 9 e seguintes do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, pola presente proponse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo

PRIMEIRO.- Solicitar do Consello da Xunta de Galicia a declaración de Festa de interese turístico de Galicia o “**Festival Irmandiño**” que se celebra todos os anos neste concello de Moeche (A Coruña)

SEGUNDO.- Remitir o presente acordo xunto coa documentación requirida no Decreto 4/2015 do 8 de xaneiro polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, polos medios electrónicos dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia

Sometida a votación a proposta antedita resultou aprobada por unanimidade dos asistentes

5.- APPLICACIÓN O PERSOAL MUNICIPAL DAS PREVISIONS DO REAL DECRETO LEI 10/2015 DE 11 DE SETEMBRO

Visto o Real Decreto-lei 10/2015, de 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e adóptanse outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía, así como a Resolución de 16 de setembro de 2015, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se modifica a de 28 de decembro de 2012, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos.. Nas que se establecen unha serie de medidas relativas as retribucións e xornada de traballo do persoal o servizo das Administracións Públicas

Visto que é competencia de cada administración pública a determinación da aplicación das referidas medidas o seu persoal

Visto así mesmo o informe emitido pola Secretaria-Intervención no que se indica que se cumplen os requisitos orzamentarios esixidos pola normativa citada.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Proceder a aplicación, o persoal o servizo do Concello de Moeche as medidas sobre retribucións e xornada de traballo previstas no Real Decreto-lei 10/2015, e a Resolución de 16 de





Tel.: 981 40 40 06
Fax: 981 40 42 00

C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

setembro de 2015, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas que a desenvolve e que se concretan na seguinte forma

1.1.- O Concello de Moeche abonará, xunto coa nómina do mes de outubro, e por unha soa vez, unha retribución de carácter extraordinario cuxo importe será o equivalente a 48 días ou ao 26,23 por cento dos importes deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012

1.2 Cada ano natural as vacacións retribuídas terán unha duración de 22 días hábiles anuais por ano completo de servizos, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor. A estes efectos os sábados consideraranse inhábiles, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais.

Para o cálculo do período anual de vacacións, as ausencias motivadas por enfermidade, accidente, as derivadas do goce dos permisos regulados nos artigos 48 e 49 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ou da licenza a que se refire o artigo 72 do texto articulado da Lei de Funcionarios Civís do Estado, aprobado polo Decreto 315/1964, de 7 de febreiro, terán, en todo caso e a estos efectos, a consideración de tempo de servizo.

No suposto de completar os anos de antigüidade na Administración que se indican, terase dereito ao goce dos seguintes días de vacacións

anuais:

- Quince anos de servizo: Vinte e tres días hábiles.
- Vinte anos de servizo: Vinte e catro días hábiles.
- Vinte e cinco anos de servizo: Vinte e cinco días hábiles.
- Trinta ou máis anos de servizo: Vinte e seis días hábiles.

Os indicados días poderanse gozar desde o día seguinte ao de cumprimento dos correspondentes anos de servizo.

1.3.- Ao longo de cada ano o persoal o servizo do Concello de Moeche terá dereito a gozar de seis días de permiso por asuntos particulares, sen prexuízo da concesión dos restantes permisos e licenzas establecidas na normativa vixente.

Así mesmo, o persoal o servizo do Concello de Moeche terá dereito a gozar de dous días adicionais de permiso por asuntos particulares desde o día seguinte ao do cumprimento do sexto trienio, incrementándose, como máximo, nun día adicional por cada trienio cumplido a partir do oitavo.

Tales días non poderán acumularse aos períodos de vacacións anuais. O persoal poderá distribuir eses días á súa conveniencia, previa autorización dos seus superiores e respectando sempre as necesidades do servizo. Cando por estas razóns non sexa posible gozar do mencionado permiso antes de finalizar o mes de decembro, poderá concederse ata o 31 de xaneiro seguinte.



Sen prexuízo do anterior, e sempre que as necesidades do servizo permítano, os días de permiso por asuntos particulares así como, no seu caso, os días de permiso previstos no apartado seguinte, poderán acumularse aos días de vacacións que se gocen de forma independente.»

1.4.- Os días adicionais de vacacións correspondentes ao ano 2015 resultantes da aplicación da disposición adicional terceira do Real Decreto-lei 10/2015, de 11 de setembro, poderanxe gozar de maneira independente, nos termos establecidos no segundo parágrafo do apartado 9.3 da Resolución de 28 de decembro de 2012, pola que se ditan Instruccións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus Organismos Públicos.

6.- SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOECHE AO FONDO GALEGO DE COOPERACION E SOLIDARIEDADE

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes acordou prestar a sua aprobacion a Proposta da alcaldía de incorporación do Concello de Moeche ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade que e transcribe de seguido:

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación de carácter municipalista que agrupa a Concellos e Deputacións de toda Galicia, unidos pola preocupación común de levar adiante iniciativas de cooperación e solidariedade con enfoque de Dereitos Humanos cos países menos desenvolvidos ou máis empobrecidos.

O Fondo Galego xorde a finais do ano 1997 como expresión institucional desa crecente sensibilidade cidadá arredor das crises humanitarias e a pobreza mundial que percorreu o Estado español e Europa durante os anos 90, dos efectos sociais de tantas calamidades, catástrofes ou guerras, que a cotío irrompen nas nosas vidas, para poñer o contrapunto a outro segmento da humanidade que entende a vida e as crises doutra maneira.

Pero tamén para ir más alá da mera urxencia e arbitrar programas sólidos e permanentes centrados no desenvolvemento estrutural das comunidades que, a pesar de representar a maior parte da demografía mundial, van no furgón de cola da "nova economía".

Co Fondo, todos os Concellos, incluídos os máis pequenos (a inmensa maioría dos existentes en Galicia) poden participar no desenvolvemento de políticas de cooperación que doutro xeito lles resultarían praticamente inviables. Co Fondo, todos poden dicirlle á súa cidadanía que si teñen vontade de levar adiante unha política de cooperación á medida das súas posibilidades, conciliando vontades (sempre grandes) e recursos económicos (escasos).

O Fondo non complica administrativamente nada; evita as duplicidades e permite delegar, total ou parcialmente, a xestión da cooperación nunha instancia propiamente municipalista. Evitase así a reiteración de múltiples convocatorias de pouca entidad económica, simplificase o diálogo coas organizacións non gobernamentais, e reforzase a capacidade global do municipalismo galego para exercitar a cooperación directamente.





Tel.: 981 40 40 06
Fax: 981 40 42 00

C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

O Fondo aglutina e coordina as políticas de cooperación dos distintos Concellos e Deputacións. Deste xeito, aseguramos a súa coherencia global, unha maior eficacia, e democratizamos a solidariedade ao brindarles aos Concellos pequenos a oportunidade de sumar o seu esforzo aos grandes.

En consecuencia do exposto, proponse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro .Solicitar a admisión de Moeche no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, declarando expresamente a aceptación dos estatutos da Asociacion.

Segundo.Asumir o gasto da cota mínima que en base a poboación do Co,ceollo , ascende 241€. e

Terceiro. Nomear como representante política a Iria Couce Rego e como representante técnico a Pilar Pazo González

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE OS REFUXIADOS

Pola Alcaldia manifestase que, debido a un erro na convocatoria, este punto da orden do día aparece duplicado no punto 9, polo que se pospon o debate ata chegar a ese punto

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG A PROL DA AMPLIACIÓN DA ACREDITACIÓN POR VIOLENCIA MACHISTA E DA CREACIÓN DO ESTATUTO DO FEMINICIDIO

O Pleno da Coproración, por unanimidade dos asistentes prestou a sua aprobación a moción presentada polo Grupo Municipal do BNG que se trascribe de seguido:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia machista é un dos problemas más graves que ten que enfrentar a nosa sociedade. Nas últimas décadas, a violencia contra as mulleres ten deixado de ser un asunto invisible grazas ao constante e incansable traballo dos movementos de mulleres.

A loita contra a violencia de xénero debe ser unha prioridade política para todos os espazos da actividade política e froito do traballo para que isto así sexa están vixentes a Lei Orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Despois de anos de aplicación, insuficiente en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos, a violencia machista segue presente na nosa sociedade. Por iso, cómpre avanzar e darmos pasos adiante que melloren os marcos legais e realizar un labor preventivo e educativo maior.

Ante a gravidade do problema consideramos fundamental a inclusión do Feminicidio como forma de terror propia que sufren as mulleres e que servía de base para a elaboración dun Estatuto de vítima de Feminicidio. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tense demostrado como insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social así como na prevención.Correspónelle á Administración local, por ser a institución más próxima á veciñanza converterse nunha referencia para o combate deste problema e presionar para que se avance no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención.



Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galicia a trasladarlle ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Víctima de Feminicidio.

Introducir, así mesmo, na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou documento acreditativo da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios e/ou sanitarios e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do concello. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social e calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamiento integral da violencia de xénero para incorporar a regulación do Feminicidio e o estatuto de protección das vítimas do feminicidio

Finalmente, instar á Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamiento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención ás mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.

2. Trasladarlle este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado.

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes prestou a sua aprobación a moción presentada polo Grupo Municipal do BNG que se trascribe de seguido:

Estamos a vivir, xusto ás portas de Europa e no propio continente, unha crise humanitaria sen precedentes desde a II Guerra Mundial. A magnitude da traxedia debe impulsar unha actuación urgente da Unión Europea e da comunidade internacional, para derrubar novos muros que deixen do lado de fóra a miseria e a dor provocada por eles propios.

Con efecto, a dimensión que está a alcanzar a actual crise de persoas refuxiadas e migrantes ten a súa orixe na rapina imperialista comandada polos Estados Unidos (EUA). Os EUA e os seus aliados europeos non dubidaron en levar a guerra, a morte, a destrución e a miseria a diversos países con tal de alcanzar os seus obxectivos xeoestratégicos e espollar os seus recursos naturais, particularmente o petróleo. Primeiro foi o Afganistán, o Iraque, despois Libia. Agora é a Siria o albo do imperialismo. Os EUA, co inestimábel apoio de Israel e a colaboración de diversos estados europeos, organizaron, armaron e alentaron o terrorismo na Siria, incluído o chamado Estado Islámico, que agora sinalan como principal inimigo e utilizan como máis un pretexto para a súa política intervencionista na zona. Cando non, como no caso da Turquía, como punta de lanza contra o movemento de liberación nacional do Curdistán.





C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

As vítimas desta deshumana política imperialista son as poboacións civís destes países. É o pobo de Iraq, de Afganistán, de Libia, de Siria, do Curdistán, tamén de Palestina. Non pode sorprender, por tanto, a vaga inmensa de persoas refuxiadas -fundamentalmente sirias- que escapan da guerra e de migrantes que foxen da miseria xerada igualmente pola rapina neocolonial no Oriente Próximo e en África, coa inestimábel colaboración das elites locais.

Tamén non sorprende, infelizmente, a resposta da Europa capitalista. A grande preocupación dessa Unión Europea ao servizo da oligarquía non é resolver o drama humano nin os problemas sociais, económicos ou políticos que están na súa xénese. A preocupación principal é blindarse para deixalos fóra. Utilízase o Mediterráneo como un grande foxo para defender o castelo europeo sen se preocupar, na realidade e para alén dos lamentos de rigor, cos millares de persoas mortas cada ano tentando cruzalo en condicións infrahumanas. Agora, fronte á vaga de persoas refuxiadas, levántanse novos muros. No entanto, non será esta tipo de medidas as que freen o problema.

Un dos exemplos más evidentes do desinterese inicial da UE por resolver esta dramática situación está o feito de, despois de máis dunha semana de crise humanitaria, deciden o 30 de agosto convocar unha reunión de urxencia do Consello de Ministros de Interior para o día 14 de setembro. Entre tanto, millares de persoas refuxiadas continúan a se amorear en condicións penosas nas fronteiras ou atopan a morte no Mediterráneo. Máis unha vez o capitalismo non ten alma, ten apenas carteira. No entanto, este drama que parece deixar indiferentes os gobernos europeos, atinxé directamente a conciencia dos pobos. A xente, institucións de todo tipo e o nacionalismo galego, desde a súa consubstancial praxe internacionalista, sente como propio o drama humano, social e político que representa esta crise e por iso non podemos ser indiferentes nin pasivos..

O BNG quer denunciar abertamente as políticas de blindaxe e de intervención militar que están detrás desta situación e defende:

Poñerlle fin á intervención occidental en Siria en apoio dos chamados rebeldes e promover activamente a fin do conflito militar.

A retirada de todas as forzas militares norteamericanas e estranxeiras dos países de Oriente próximo e norte de África.

Respecto á soberanía dos pobos e de resolución política dos conflitos.

Unha política de paz, solidariedade e cooperación entre todos os pobos.

O dereito do pobo Curdo á liberdade e á soberanía e o respecto dese dereito por parte de todos os Estados actualmente ocupantes do Curdistán.

O dereito do pobo palestino á paz e á liberdade no seu propio Estado independente.

A solidariedade internacionalista e a acción antiimperialista en toda a Europa e en todo o mundo.

Consecuentemente, diante da traxedia que estan a vivir as persoas refuxiadas e migrantes, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte
ACORDO



1.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que asuma as súas responsabilidades con urxencia na crise humanitaria que están vivindo as persoas refuxiadas e migrantes en Europa e na contorna do Mediterráneo e que promova, no marco das institucións europeas, un xiro nas políticas de asilo e de cooperación cos países empobrecidos, e tamén demandar que rompa co coñecido como Protocolo de Dublín.

2.- Así mesmo, instar á Xunta de Galiza a que asuma as súas responsabilidades e participe facilitando os recursos e servizos necesarios para a acollida temporal de persoas refuxiadas en Galicia.

3.- Iniciar contactos coa FEGAMP e organizacións non gobernamentais que están traballando sobre esta problemática en Galiza para impulsar a creación dunha rede galega de concellos de acollida, que permita recoller a iniciativa cidadá e darrélle apoio e organización e ofrecer soporte técnico.

4 .- Impulsar no seo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o establecemento de liñas de traballo e de axudas en colaboración cos concellos para facilitar o acollemento de persoas refuxiadas.

5.- Xestionar a mobilización e disposición de créditos orzamentarios para axudar as persoas refuxiadas ou migrantes asentadas no noso concello.

6.- Trasladar este acordo ao presidente do goberno do Estado e da Xunta de Galiza.

10.- APROBACION, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA CIG SOBRE PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR EN CONTRA DA POBREZA ENERXETICA

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes prestou a sua aprobación a proposta presentada pola CIG que se trascribe de seguido:

A CIG ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en pleno, sobre proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.

A central sindical Confederación Intersindical Galega (CIG) está a impulsar unha proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, que na súa exposición de motivos e articulado sinala o seguinte:
Exposición de motivos

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu produto interior bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxeno dos seus recursos enerxéticos.

Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparellados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español e ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, e mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica.





C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual os consumidores dos diferentes territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras más caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre trinta estados europeos.

É posíbel a concreción dunha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Así, nesta Lei, no capítulo I, concrétase o desenvolvemento dunha política enerxética, baseada no papel protagonista da Administración galega, na necesidade para o país de dotármónos dunha tarifa eléctrica específica, fundamentada da nosa condición excedentaria na producción eléctrica, da análise das perdas no transporte e distribución, así como das diferentes peaxes do sistema que atenden ás singularidades de determinados territorios: extrapeninsulares, comarcas do carbón español, comunidades que son moi deficitarias na xeración eléctrica, etc. Por iso, concretamos que para Galiza a tarifa debería recoller unha bonificación dun 30% nas peaxes. A Lei pretende tamén impulsar o crecemento das enerxías renovábeis, as medidas de aforro e eficiencia enerxética e a inclusión de Galiza no actual Plano Estatal do Carbón. Por último, propone a creación dunha tarifa industrial estable e predicable que favoreza a localización e o desenvolvemento industrial. O sector empresarial galego, e nomeadamente a súa industria, precisa gañar competitividade pola vía da correcta xestión dos seus custos. Na actualidade, os custos enerxéticos representan a segunda categoría de custo máis importante despois dos correspondentes ao persoal. En 2012, o prezo da electricidade para clientes industriais era no conxunto do Estado español un 10% superior ao custo medio da Unión Europea. Obviamente, cómpre avanzarmos nas políticas orientadas a conseguir maiores graos de eficiencia enerxética para reducir a intensidade enerxética. Porén, tamén é necesario que se actúe de maneira decidida sobre os custos enerxéticos que teñen que soportar as empresas no desenvolvemento da súa actividade.

Neste sentido, Galiza acolle no seu territorio factorías que desenvolven procesos produtivos intensivos no uso de enerxía (aluminio, aliaxes de ferro, etc.). Por tal motivo, a continuidade destas actividades —coa conservación do emprego e a xeración de riqueza vinculado a elas— está estreitamente vencellada a disporen de electricidade a uns prezos que respondan á realidade dos custos relativos á súa producción, transporte e distribución. Desta medida verianse beneficiadas non só esas factorías de referencia, senón o conxunto dos sectores produtivos galegos, que lograrían un abaratamento evidente da súa factura enerxética incrementando así a súa competitividade. Sen a lousa dunha estrutura de prezos eléctricos artificiosamente agrandada por uns cálculos de custos de transporte e distribución realizados cunha lóxica de Estado, mais que non corresponden á realidade do noso país, incrementaríase o atractivo de Galiza como territorio para a implantación empresarial.

Dado que o obxectivo do sistema eléctrico é fornecer electricidade con maior nivel de calidade, ao menor custo posíbel e con respecto ás cuestións ambientais, parece evidente que se necesita de maneira inadiábel que a través dos mecanismos gobernativos oportunos se garanta que un territorio como o galego, que conta cunha grande capacidade de transformación de enerxía primaria en enerxía apta para o consumo, dispoña dun prezo da electricidade que constitúa unha vantaxe competitiva para as empresas que nel están localizadas. Os custos de transporte e distribución desde as instalacións de producción localizadas en territorio galego até os centros de consumo industrial en Galiza deberían ser inferiores aos que se recollen na actual estrutura de peaxes e cargas que está vixente para todo o Estado, dada a proximidade espacial entre unhas e outros. Adaptar estes conceptos regulados á singularidade propia de Galiza permitiría explotar unha vantaxe comparativa do noso país para xerar riqueza e emprego a través da producción industrial.

O capítulo II desta Lei recolle unha concepción da enerxía como un dereito universal de todas as persoas. Para tal fin, concrétase a definición da pobreza enerxética e articúlanse varias medias para a defensa das persoas consumidoras en situación de pobreza enerxética, ao ser un problema de

cada vez maior importancia na sociedade galega. Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos cales, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindíbel. Segundo datos recentes en Galiza, cerca de 187.000 persoas, o 18% do total da poboación, teñen dificultades para aboaren as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción, etc.), situación que resulta intolerábel nunha sociedade socialmente avanzada.

Capítulo I. Medidas para garantir a enerxía como servizo público para o desenvolvemento económico e industrial de Galiza.

Artigo 1. Política enerxética.

A Xunta de Galiza porá en práctica no ámbito das súas competencias e promoverá e defenderá nos órganos de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas medidas encamiñadas a:

- a) A participación da Xunta de Galiza directamente, ou a través de empresas mixtas, para o aproveitamento público de todos recursos enerxéticos, así como de todas as instalacións de producción, distribución e transporte existentes en Galiza.
- b) A implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galiza, partindo dunha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico.
- c) A diversificación das fontes de enerxía e recuperación das primas para permitir o desenvolvemento das enerxías renovábeis.
- d) A aprobación dun plano de medidas para o fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.
- e) A esixencia da inclusión da Galiza no actual Plano Estatal do Carbón.
- f) A creación dunha tarifa industrial estable, con variacións predicibles, á que se podan acoller os grandes consumidores baixo o cumprimento dunha serie de requisitos de consumo, potencia contratada e dispoñibilidade de interrupción do subministro se for preciso para a xestión do sistema eléctrico.

Capítulo II. A enerxía como dereito universal de todas as persoas ao benestar social.

Artigo 2. Concepto de pobreza enerxética.

Unha unidade de convivencia está en situación de pobreza enerxética cando ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas (gas e electricidade) da súa vivenda. Para o cálculo anterior, consideraranse os gastos teóricos de enerxía para manter a temperatura da vivenda entre 18°C e 21°C.

Artigo 3. Medidas para erradicar a pobreza enerxética.

1. A Xunta de Galiza asumirá o custo das facturas de gas e electricidade das persoas consumidoras vulnerábeis en risco de pobreza enerxética.
2. Para os efectos de dar cumprimento ao anterior, as persoas que se encontren en situación de pobreza enerxética, nos termos do artigo 2 desta Lei, poderán solicitar da Administración, ao recibiren o aviso de interrupción do subministro de electricidade ou gas, que se faga cargo das súas facturas de gas e electricidade.
3. Para demostrar a situación de pobreza enerxética, os interesados deberán achegar coa súa solicitude un informe dos servizos sociais sobre a situación da unidade de convivencia. Este informe, que as administracións públicas competentes deberán emitir no prazo máximo de quince días desde que sexa requerido, acreditará o cumprimento dos requisitos do artigo 2 desta Lei cunha vixencia de seis meses, sen prexuízo da sua renovación.
4. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras dos servizos básicos de electricidade e gas os mecanismos de intercambio de información e de prezos sociais, co obxectivo de mellorar a prevención e a planificación das actuacións públicas.
5. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras os mecanismos de información necesarios para que poñan en coñecemento dos servizos sociais e das persoas usuarias a información existente e actualizada sobre as tarifas sociais e as axudas e medidas previstas para frear a pobreza enerxética.





Tel.: 981 40 40 06
Fax: 981 40 42 00

C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

Por todos estes motivos, a CIG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte Acordo

Primeiro.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa lexislativa popular a Confederación intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.-Animar a veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.

11.- FORA DA ORDE DO DIA.-

Previa ratificación da urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, que constitúen quórum de maioría absoluta legal dos membros que integran a corporación, someteuse a debate e votación o seguinte punto

SOLICITUDE DE INCORPORACION DA OBRA DE SUBSTITUCION CUBERTA NAVE DE GANDO DO CAMPO DA FEIRA DE SAN RAMON NO PAS 2015-CONVENIOS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Pola Alcaldía manifestase que pola Excma. Deputación Provincial vense a convocar o Plan de Accións Social 2015, cunha achega a este Concello de 165.751,58 €.

Ademais, e para aqueles concellos que tiñan solicitada unha subvención nominativa, que xa tiña crédito aprobado no orzamento provincial na correspondente partida e que non foi aprobado no correspondente convenio ábrese a posibilidade de que podan solicitar a inclusión deses investimentos, a maiores da cantidade asignada para eles no indicado PAS 2015

O investimentos solicitados por este Concello e que se atopan nesta situación e o seguinte:

Obra.- Substitución de cuberta da nave de gando do campo da feira de San Ramon

Orzamento total.- 129.999,16

Achega Deputación: 103.999,33

Achega Concello: 25.999,83 €

A Deputación oferta dúas posibilidades, que o Concello continúe assumindo a achega inicialmente acordada con cargo os seus fondos propios abríndose un prazo extraordinario ata o 6 de novembro para solicitar a inclusión da obra no PAS ou ben que a sua achega sexa a conta da cantidade asignada no Plan, neste caso tramitaríase co resto das obras o PAS e os prazos serían os establecidos para o indicado plan

Polo grupo de goberno, e aínda que no seu momento manifestaron a sua oposición a modificación de crédito para financiar esa obra por canto afectaba os cartos previstos para a



contratación do servizo de limpeza, o que fai que non se poda ampliar o servizo de axuda no fogar, e dado que unha vez aprobada a modificación de crédito xa non se pode volver a minorar para adicalo a outra cousa propónse manter o financiamento da achega municipal con cargo os fondos municipais

O Pleno da Corporación, por unanimidade , adopta o seguinte ACORDO:

1.–Participar no Plan de Acción Social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a inclusión no mesmo da obra deste Concello para a que se tiña solicitada unha subvención nominativa, que xa tiña crédito aprobado no orzamento provincial na correspondente partida e para a que non foi aprobado o correspondente convenio, que de seguido se indica

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
Substitución cuberta nave de gando da Feira de San Ramón	103.999,33	25.999,83	129.999,16
SUBTOTAL OBRAS	103.999,33	25.999,83	129.999,16

O proxecto indicado foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 28 de maio de 2015

- 2.– Declarar que o Concello ten a disponibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
- 3.–Declarar que o Concello dispón no orzamento municipal do 2015 dos fondos necesarios para fazer fronte á achega municipal a obra indicada
- 5.– Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.
- 6.– Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento
- 7.– Autorizase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 8.–Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.





Tel.: 981 40 40 06
Fax: 981 40 42 00

C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

12.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO ORGANOS DE GOBERNO

Aberta a quenda de rogos e preguntas non se produce ningunha intervención

E, non habendo mais asuntos que tratar pola Presidenta levantase a sesion sendo as 20 horas e 35 minutos do dia indicado no encabezamento. Do que eu, Secretaria CERTIFICO

Vº e Pz
A ALCALDESA


Asdo. Beatriz Bascocoy Maceiras

A SECRETARIA



